

Ciclo de encontros virtuais

A era pos-COVID:
redeseñar o mundo

Deseño, ciencia e tecnoloxía

Programa

- 10.30 – 10.40 h Presentación institucional:
Patricia Argerey, directora da Axencia Galega de Innovación.
- 10.40 – 10.45 h Presentación intervencións:
David Barro, director da Fundación DIDAC.
- 10.45 – 11.30 h Intervencións / relatorios:
Rubén Ramos Balsa, director da empresa tecnolóxica Mismos.
Noemí Cortizas, deseñadora e investigadora en CMF en Roctool.
Anxo López, deseñador estratéxico en BBVA.
- 11.30 – 12.00 h Debate:
Deseño, ciencia e tecnoloxía.



Rubén Ramos Balsa

Rubén Ramos Balsa reside desde 2014 en Singapur, onde dirixe o estudio de produción artística Labso. En 2019 funda e dirixe a empresa de tecnoloxía Mismos. O seu traballo ten a súa orixe no mundo da *performance* e nas súas propostas abórdase a interrelación de arte, ciencia e tecnoloxía. Formouse como artista plástico e investigador na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo e participou en numerosas exposicións internacionais, entre as que destacan a 52 Biennale di Venezia e a Singapore Biennale 2011. Recibiu numerosos premios, como o I Premio de Artes Plásticas do Auditorio de Galicia (2003), o I Concurso de Fotografía Purificación García (2003) ou o Premio Fundación María José Jove (2013) e foi bolseiro para a ampliación de estudos no estranxeiro pola Fundación Barrié.



Noemí Cortizas

Instalada en Francia desde hai anos, Noemí Cortizas é unha deseñadora industrial formada en enxeñería mecánica e apaixonada da innovación e o deseño para as persoas, campos para os que se formou en París. A súa especialidade é o deseño de produto e, sobre todo, a rama CMF *design*, que se centra na investigación de materiais, cores e acabados para satisfacer un mercado que cada vez é máis esixente e que evoluciona moi rápido. Desde 2017 traballa en Roctool identificando tendencias de mercado e en xestión de proxectos de deseño e innovación (I+D) para a obtención de prototipos e resultados escalables e industrializables.

Deseño, ciencia e tecnoloxía



Anxo López

Anxo López é un deseñador que lidera a estratexia de deseño no BBVA. É doutor pola súa tese sobre o deseño como actividade económica na industria española do século XXI. Iniciou a súa carreira desenvolvendo proxectos de comunicación e deseño visual para diferentes empresas e institucións. Desde a súa posición como deseñador, comezou a preocuparse polo deseño como función estratéxica: primeiro en XVDMC e logo en Designit. Ademais, complementa a súa actividade profesional como profesor en ESNE. Ao longo da súa carreira dedicou unha especial atención á promoción e difusión do deseño; actualmente, faino desde as asociacións de deseñadores de Galicia (DAG) e Madrid (DIMAD).

David Barro é director da Fundación DIDAC. Cunha ampla experiencia en xestión, programación e estratexia empresarial, desenvolveu a súa traxectoria fundamentalmente ligado ao universo da arte, o deseño, a edición, a sustentabilidade e a innovación, como consultor estratéxico, organizando eventos e congresos, como escritor de ensaios e textos ou como comisario de exposicións, realizando máis dun centenar de mostras en institucións nacionais e internacionais. Desde 2006 é editor da revista de arte, arquitectura e deseño *DARDOMagazine*. Foi director xerente da Fundación Luis Seoane (2014-2016), asesor da Fundación Barrié (2008-2013) e crítico de *El Cultural* (1998-2014). Como docente foi profesor da Universidade do Porto e desde 2015 é profesor do Máster en Estudos Avanzados da Universidade de Salamanca e do Máster en Xestión Cultural da Universidade Carlos III de Madrid. Actualmente escribe sobre deseño en *Experimenta* e desde 2018 colabora coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia no Programa de Deseño para a Innovación 2020.



David Barro